



GARCÍA NEGRO, María del Pilar (2023): *Intenso y solidario feminismo. Estudos rosalianos* (Introducción, escolma e edición de Carme Fernández Pérez-Sanjulián. Epílogo de Kathleen March). A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña, 228 pp.

Estamos ante un volume da autoría de Pilar García Negro cunha fermosa factura: amplo de tamaño e letra, combina as cores branca da camisa, azul da tapa e vermella das gardas interiores. Un excelente estoxo para a obra, se non completa, si integralmente representativa do labor crítico e divulgativo de García Negro sobre Rosalía de Castro desde 1980 a 2022. Editase á iniciativa do Grupo de Investigación Lingüística e Literaria (ILLA) da Universidade da Coruña, na que traballan colegas da catedrática honoraria obxecto de homenaxe. Precisamente é unha das integrantes e dilecta discípula, Carme Fernández Pérez-Sanjulián, a que selecciona, edita e prologa os textos co fin de dar a coñecer Rosalía de Castro á luz da intelixencia crítica de M^a Pilar García Negro.

A prologuista compón a biografía da ilustre política e parlamentaria do BNG, docente e intelectual, cuxa actividade e talante recolle ao seu xuízo axeitadamente un lema empregado pola homenaxeada nalgunha ocasión: *firmiter in re, suaviter in modo*. E logra un acabado retrato como autora que loita, a través dun “refinado modelo de lingua culta”, contra o esquecemento e os estereotipos esmagadores da realidade. Explica a continuación os criterios para escolmar textos publicados como folletos, artigos e capítulos de libro. O complicado do labor revélase en que ao longo de 40 anos de investigación, interpretación e divulgación da figura de Rosalía de Castro, a investigadora compuxo un “amplísimo corpus merecedor, en si mesmo, de atención crítica”. Pecha o limiar unha copiosa bibliografía da Pilar García Negro rosalianista, coa advertencia de, así e todo, non ser exhaustiva.

Reunida a maior parte dese corpus no libro por Carme Fernández Pérez-Sanjulián, trataremos de informar sobre el como un todo, no que as reiteracións anunciadas no limiar, lonxe de incomodar, logran dar un ritmo con valor mnemotécnico á lectura. Especialmente cando a autora leva a outros ámbitos temas e ideas

tratados antes na esfera galega. Ou cando converte en *leitmotiv* rosaliano os versos que abren en 1880 *Follas Novas*: “Daquelas que cantan as pombas i as frores / todos din que teñen alma de muller. / Pois eu que n’as canto, Virxe da Paloma, / ¡ai!, ¿de qué a teréi?”.

Percíbense os avances e as adaptacións aos diferentes tipos de público e de escrita: desde o folleto ou cartafol que nos anos 80 lograba unha enorme difusión entre o profesorado e lectorado en galego, ata as conferencias e artigos en castelán para espallar fóra de Galicia a figura e as claves dunha autora que aínda segue a ser descoñecida en moitos aspectos. O punto de inflexión nestes traballos é o ano 1985, centenario do pasamento da escritora, no que o congreso “Rosalía de Castro e o seu tempo” marca un fito na investigación biográfica e nas ferramentas críticas aplicadas á súa obra.

A sucesión de traballos permite apreciar o constante esforzo para transmitir a principal mensaxe: a urxencia primeiro, a necesidade permanente despois, de librar Rosalía de Castro dunha serie de interpretacións nesgadas e de xuízos enmascaradores que comezaron na propia vida da autora. O motivo para García Negro é que a súa escrita literaria supón unha ruptura das concepcións da época no relativo ao papel social da muller e á súa marxinação na actividade literaria; así como o enfrontamento ás convencións burguesas acompañado das expresións de solidariedade coas clases populares de Galicia. Desde moi cedo, por exemplo, a profesora elabora a defensa a contracorrente do valor dunha novela como *El caballero de las botas azules*, que en 1867 anticipa un reflexo e unha crítica da realidade social que aínda tardaría na súa opinión en expresarse no resto da narrativa hispánica, sen que a autora sexa atendida nos manuais de historia literaria. Tampouco, afirma, non prestan atención hoxe á achega de Rosalía de Castro os libros con enfoque feminista dedicados a mulleres que foron narradoras e ensaístas.

O ton de manifesto dos primeiros escritos varía co tempo e co tipo de discurso, aínda que non desaparece nunca. Termina sendo máis sosegado e científico nas achegas recentes, de fonda especulación académica, despois do comezo fortemente combativo dos anos 80, cando había que reivindicar na rúa a autenticidade dunha autora galega que o público lector tiña identificada con Galicia, mentres a clase política con alerxia á letra impresa a convertía en mito desactivador da súa carga simbólica. A este respecto, García Negro manexa palabras e frases xeniais para referirse á operación mitificadora en contra da verdadeira Rosalía: “embalsamada na máis beata e pérvida falsificación”, “ciruxía facial”, “identidade esmagada”, “destruír o mito existente”, “no ditirambo e na especialización simbólica interesada e escorada ideoloxicamente”. Para entender as tensións neste combate crítico na superficie e no fondo, reparemos no feito de representar Rosalía de Castro, *escritora nacional*, a personificación desde o Rexurdimento da patria/matria galega.

Pilar García Negro preocúpase de informar sobre a súa base epistemolóxica: Francisco Rodríguez Sánchez establéceao ao considerar *literatura galega* a que se expresa na lingua propia e responde á consciencia de Galicia como realidade nacional. Tamén na investigación rosalianista deixa pegada na profesora o mestre e amigo. Con ese facho, ela vai rachando as tebras que empeceron longo tempo o coñecemento da escritora do s. XIX. Sempre, iso si, armada dunha potente bagaxe intelectual para seguir combatendo unha crítica deformadora cuxa vixencia percibe á altura do s. XXI (p. 83). Nesta liña de investigación esclarecedora non se atopa soa, senón acompañada por colegas vellos e novos, que non dubida en citar (p. 130), como Ricardo Carvalho Calero, Francisco Salinas, Andrés Pociña, Aurora López, Pilar Pallarés, Catherin Davies, Carmen Blanco, Kathleen March, Celia Armas García, Diego Pardo Amado etc.

Así é como insiste na defensa de Rosalía de Castro como escritora complexa, non romántica senón realista, que manifesta con espírito crítico e progresista o seu rexeitamento cara ás imposicións sociais ás mulleres da súa época. A lectura que propón García Negro xa está configurada no esencial en 1985, baseada na: “consciencia da escritora sobre a súa obra, sobre a empresa do renacemento que se estaba xestando e sobre a situación social e política en xeral” (p. 59). Partindo da idea de que se

Rosalía “fica debidamente comprendida, fica tamén comprendida a literatura toda posterior, e a esa luz, a nosa historia contemporánea” (p. 50), Pilar García Negro converte o seu traballo en pedagogía que traspasa as aulas e quere repercutir na comunidade crítica e na esfera social que a sustenta. Un traballo de análise que a alguén podería resultarlle orientado de máis, si; pero que non se pode negar que anima á lectura e á interpretación: “Todo o anterior aboa o convite directo que tencionamos facer da súa lectura, hoxe, por parte das lectoras e dos lectores galegos” (p. 80).

Agora ben, disentimos da afirmación de que “Todos lemos antes o falso mito de Rosalía do que a Rosalía mesma” (p. 95) ao non incluírmonos nesa xeneralidade, se ben concordamos no devandito convite á lectura directa. Ler e comprender Rosalía é algo que consideramos nós imprescindible para unha crítica que, nun primeiro chanzo, debe ter o primeiro encontro coa obra nunha lectura non inducida, limpa e inxenua na medida na que isto pode ser posible, para acadar a mensaxe múltiple que todo texto encerra. Sobre esa lectura virán as demais: as colectivas nas aulas e tamén as mediatizadas pola crítica que vai adaptándose ás sucesivas ferramentas metodolóxicas.

Entrando noutros aspectos interesantes á luz da teoría literaria, atopámonos coa denominada *falacia autobiográfica* como risco ao relacionar creación literaria e vida da autora de carne e óso. Así, a profesora adéntrase neste terreo esvaradío nalgũa interpretación dos textos de Rosalía de Castro. Algúns exemplos: a apertura e pechamento de *Cantares Gallegos* ponse na boca dun eu lírico que corresponde a unha meniña gaiteira, e non, como apunta a profesora, á *autora implicada*. Tamén diverxemos nós da identificación a reo de Rosalía coa voz que enuncia ou escribe, como Nicanora na carta de *Las literatas*; ou con aquela de quen se fala no texto lírico desde unha actitude pragmática de enunciación; a muller que ve pasar fantasmas ao longo do camiño en *En las orillas del Sar*.

No caso dos ensaios-prólogos ou da poesía lírica intimista, se ben é verdade que nestes xéneros literarios hai *finximento* retórico ou poético envolvendo unha *literatura do eu*, coidamos que cómpre sermos cautelosos na toma ao pé da letra de cuestións que non teñen que ser por forza autobiográficas. E se de ficción narrativa ou dramática falamos, a cautela debe ser maior.

Vexamos: dúas veces cita Pilar García Negro a anécdota narrada en *La Regenta*, na que unha das tías que crían a Anita desde nena ve

na mesa de noite un manuscrito de versos da rapaza. As tías reaccionan horrorizadas ante “unha Ozores literata”. Non é *Clarín* quen pensa así –seica García Negro na segunda ocasión parece rectificar a lectura (pp. 57 e 131)–. Pensan así os personaxes cuxo parecer se expresa en estilo indirecto libre, técnica narrativa que o asturiano dominaba maxistralmente. Polo mesmo bordo afiado deslízase Pilar García Negro á hora de analizar as novelas de Rosalía, onde a ficcionalidade da comunicación literaria e do mundo que crea a mensaxe é máis patente: é arriscado afirmar que a autora crea personaxes que son o seu *alter ego*. Outra cousa é que Rosalía cree personaxes femininos que reúnen características coas que se identifica ou que son do seu agrado dentro do seu círculo social e profesional. De aí a Mara de *Flavio* ou a Musa de *El caballero de las botas azules*.

Para nós é a súa unha interpretación plausible, pero non se pode ter por definitiva nin única. Agora ben, defende a súa lectura García Negro a medida que volve sobre ese tipo de análises: “É válida, por tanto, a operación de igualarmos eu lírico e eu autorial (...) “Rosalía utiliza a técnica do desdoblamento do eu: externaliza o episodio psicolóxico” (pp. 190-191).

Como vemos, quen le as propostas da autora crítica recibe, coma nós acabamos de facer, a incitación para o coloquio. A retórica da conversa é campo propio da investigadora, así como o é a arte de falar en público, na que destaca como oradora de longa traxectoria. A contundencia elegante e a capacidade para entusiasmar o auditorio vense aplicadas tamén ás aulas. Algúns dos textos seleccionados foron creados para a súa execución en público, e son bo exemplo das tácticas da profesora no manexo da arte de falar, iluminar novos aspectos ante un problema e facer ver o acertado da tese proposta. Conclúese en que a súa é unha retórica de xénero deliberativo forense, curtida na asemblea política e no parlamento. Inda máis: toda a obra crítica de Pilar García Negro pode ser considerada como un discurso/ensaio que abrangue os tres xéneros –xudicial, deliberativo e epideíctico– e vai destinado á *probatio* e *confutatio*, é dicir, aos argumentos a prol da súa lectura desmitificadora da figura e obra

de Rosalía de Castro e en contra dos que onte e hoxe persisten en construír unha lectura mitificadora.

As súas teses están apoiadas en probas documentais e argumentais. Sendo consciente de que as súas aseveracións poden nun primeiro momento provocar a suspicacia do receptor pola contundencia en expresalas, leva a cabo un esforzo notable para recompilar datos e actualizarse. Por iso sorprende, por outro lado, que unha vez probada documentalmente por Victoria Álvarez Ruiz de Ojea (2011) a falta de orixinalidade do discurso de ingreso na Real Academia Española de Augusto González Besada, publicado en 1916, Pilar García Negro non o teña reactualizado. Se o fixo, por azar non se recolle nesta escolma. Como xa se sabe, foi composto utilizando o arquivo de Víctor Said de Armesto, falecido en 1914 e verdadeiro autor da primeira aproximación crítica de valor a Rosalía de Castro no s. XX.

En resumo, lermos e examinarmos como un todo os diferentes traballos nos que a autora tomou a palabra ou a pluma para iluminar Rosalía de Castro é unha grata experiencia intelectual que agradecemos enormemente aos promotores e á editora do libro.

Queremos deixar constancia, finalmente, do Epílogo da rosalianista Kathleen March, catedrática emérita de Español na Universidade de Maine, que pecha o volume como magnífico complemento á obra de Pilar García Negro. Ofrece a mirada desde fóra explicando os motivos da ignorancia académica arredor da escritora, polo menos nas universidades norteamericanas, nas que un potente hispanismo de longa tradición ignoraba a propia Rosalía de Castro, así como a literatura das outras linguas do estado. Atopou na persoa e obra de Pilar García Negro o guieiro necesario para sucavar as augas procelosas da crítica rosaliana. Kathleen March contribúe a lograr tamén ela, co ensino do idioma e a identidade de Galicia a través de Rosalía de Castro, a entrada da escritora no canon das letras universais.

Olivia Rodríguez González
universidade da Coruña
olivia.rodriguez.gonzalez@udc.es